

Coa entrada do público, uns ANXOS, facendo comentarios do tipo “Este aspecto tan saudable non cadra aquí” ou “Teñen que pasar por defuntos, e estes locen un aspecto moi vivo” repartirán aleatoriamente entre os asistentes: un casco de motorista, a ser posible roto e con pintura que semelle sangue; un volante de automóbil, tamén esmagado; unha venda de brazo con xiringa hipodérmica cravada; un deses coitelos de entroido que parecen atravesar a cabeza; uns botes de veneno coa imaxe impresa da caveira e as tibias; unhas vendas para a cabeza con risibles lamparóns de sangue; un goteiro de soro coa súa percha e unha venda para suxeitar o tubo no brazo, canda el unha chaqueta de pixama hospitalario; unha americana aberta por detrás e un pano para cinguir a cabeza polo queixo e uns algodóns para os orificios do nariz; e outros obxectos semellantes, causa ou sinal de morte. Así mesmo, e na medida do posible, deben caracterizar o público: despeitear ou retorcer os colos da camisa dos accidentados, pintar olleiras violáceas nos rostros dos suicidas, palidecer o rostro dos falecidos de morte natural, simular feridas faciais nuns e noutros...

Poden aproveitar a ocasión para pactar con algúns espectadores a súa colaboración formando parte do xurado que os propios ANXOS farán subir ao escenario.

No interior da sala de representación debe reinar unha semiescuridade eclesial, o olor a incenso percibirase con forza nada máis entrar e unha música a volume moderado, o Réquiem de Mozart, a Sinfonía número 6, Patética " de Tchaikovsky... envolverán ao público segundo entre.

Luz só no proscenio, o pano aínda pechado. Falan os Anxos que antes estiveron caracterizando a algunhas persoas do público.

ANXO 1.- Non sei eu se esta che pasará por boa, vanse dar conta.

ANXO 2.- Ti cres?

ANXO 1.- Home, máis tarde ou máis cedo...

ANXO 2.- E que queres que lle faga? Hoxe tiñamos un xuízo e eu contaba cun bo feixe de almas, pero...

ANXO 1.- Pero que?

ANXO 2.- Os do Sergas... precisamente onte fixeron folga e suspendeuse unha chea de operacións, de xeito que unha remesa de defuntos que eu tiña previstos non me chegou.

ANXO 3.- Xa, (*Sinalando o público.*) e de onde sacaches a estes? Porque non me vas dicir agora que son voluntarios.

ANXO 2.- Non, estes viñeron ver unha obra de teatro en realidade.

ANXO 3.- Xa, como todos.

ANXO 2.- Non, estes viñeron vela (*Con énfase.*) de verdade.

ANXO 1.- Ou sexa que non están...?

ANXO 2.- Non ho.

ANXO 1.- (*Escandalizado.*) Pero iso é unha barbaridade ...! Iso non pode ser! (*Interrómtese.*)

Escoita... ! (*Botando a correr cara a fóra.*) Vén aí!, vén aí! Vamos, vamos, corre...

ANXO 3.- (*Saíndo a correr canda eles.*) Apura, apura...

Unha vez que os ANXOS desaparecen déixase oír con forza un fragmento de canto gregoriano. Ábrese o pano e a luz ilumina o escenario por completo descubrinto o que parece un xulgado vello e poeirento. No centro, arriba, un ollo inscrito nun triángulo, símbolo divino, presídeo todo. Xusto debaixo, unha mesa alta de xuíz cun teléfono vermello enriba e unha balanza pintada no frontal. Á dereita, o banco dos acusados, incómodo. Máis á dereita, varias cadeiras para o xurado, protexidas por unha varanda. Á esquerda, dúas mesas; unha delas, en tons azulados, ten pintada unha arpa sobre unhas nubes; a outra, tons vermellos, unhas lapas. Entra SAN PEDRO cargadísimo de chaves e ven con el SANTA IRENE; o son do gregoriano decae ata o silencio.

SAN PEDRO.- (*Ao público.*) Que, como vai? (*Pausa.*) Ninguén contesta, sempre igual. É divertido que ao comezo non se dea por aludido nindiós (*Soa un trono terrible.*) perdón!, ninguén.

SANTA IRENE.- (*Sinala o triángulo co ollo.*) Aquí cómpre andar con tento co que se di.

SAN PEDRO.- Ben, que tal? (*Breve pausa.*) Saúdoos a vostedes, si, si, a quen vai ser se non?

SANTA IRENE.- Non o entenden, verdade? Non se preocupen, ninguén o entende ao principio. É normal, todos cren que viñeron ver unha obra de teatro, que inxenuos! Pois non. Non, non, non. Isto non o é. E xa que estamos de confidencias, unha máis: vostedes están mortos. (*Breve pausa.*)

SAN PEDRO.- A xente é a hostia (*Trono terrible.*) perdón!, sorprendente, a xente é sorprendente. Botan media vida temendo a morte, e cando por fin morren quedan tan anchos por moito que un llelo diga. Pois si, mortos. Si, xa sei que non o parece, que se poden tocar e falar, que non notan nada raro, mesmo que se senten vivos... Puro artificio! Todo é cousa do Xefe. (*Trono de novo.*) Ven? (*Breve pausa.*) Agora lles explico que fan aquí e que é todo isto; pero primeiro que nada presentámonos: ela é Santa Irene e eu son San Pedro. (*Pequena pausa.*)

SANTA IRENE.- Non sei por que sempre hai risas polo baixo cando o dis. Con tantas chaves só cabían dúas posibilidades: ou San Pedro ou un cerralleiro, e tendo en conta que estamos nas portas do ceo...

SAN PEDRO.- Isto, (*Sinala o escenario.*) como algúns xa imaxinarían, é a sala dos xuízos, si, así en plural. Se no mundo os xulgados -e hai moitos- están colapsados por catro criminais, imaxinen aquí, onde se xulga a tododiós (*Trono.*) perdón!, a todo o mundo..

SANTA IRENE.- Un só xuízo sería moi pouco operativo, de feito ao comezo os xuízos eran individuais, pero a principios do paleolítico xa estabamos saturados. Non dabamos feito, todo o día xulgando, a todas horas xuízos, isto era un inferno (*Trono.*) ben... unha gloria... incómoda. A situación foi empeorando e daquela ao Xefe ocorréuselle un novo sistema: os xuízos temáticos. Un método sinxelo pero revolucionario...

SAN PEDRO.- Eu case me atrevería a dicir que diabólico (*Trono.*) pero non, non me atrevo.

SANTA IRENE.- É moi enxeñoso o sistema, verán: cóllese un diccionario (*Colle un de riba da mesa do xuíz*) e vanse buscando palabras, segundo cada palabra xúlgase a un grupo de xente relacionada con ela. Por exemplo: ábrese pola letra “a” e mírase a primeira palabra, “Á”, “substantivo, membro do corpo das aves e insectos para voar”. Ben, aquí enviaríamos a xuízo a todo o persoal relacionado co voo: pilotos, azafatas, sobrecargos... xa saben. Seguimos: “AB ou ABS...” un prefixo. A ver, pasamos unhas páxinas... “ARRUINAR”: banqueiros, prestamistas, entidades de crédito, caixas de aforro, etc., e así ata o final.

SAN PEDRO.- Claro que non condenamos a ninguén por un só aspecto da súa vida, pero con cada xuízo os interesados gañan ou perden puntos, e ao final facemos un reconto, como en Eurovisión.

SANTA IRENE.- Pois agora tocoulles a vostedes. A palabra é “falar”, que inclúe a todo o que ten que ver co idioma, coa lingua... van entendendo, verdade?

SAN PEDRO.- Ben, xa non os enredamos máis, xa comezamos. Non se impacienten que aquí é absurdo. Temos toda a eternidade. Ah, esquecíame dicírllelo: o teléfono vermello que ven enriba da mesa é o de comunicación directa co Altísimo, anda moi ocupado con iso de estar en todas partes, e normalmente comunícase connosco por medio dos tronos que xa escoitaron, pero para as cuestións verdadeiramente importantes fai uso dese teléfono.

De súpeto o teléfono soa. A iluminación do escenario vólvese perceptiblemente máis azul, soa moi baixiño un coro de anxos e a atmosfera espésase en santidade. SAN PEDRO sobresáltase, pousa o diccionario e descolga reverente, mesmo cun imperceptible tremor.

SAN PEDRO.- Diga...? (...) (*A expresión muda de súpeto.*) Non, señora, non, isto non é unha lavandaría industrial. (*O escenario recupera o seu anterior aspecto: a luz azulada*

desaparece, o coro de anxos enmudece e a atmosfera santa esvaécese coma unha lembranza.)
(...) Pero como quere que saiba eu o número? (*Colga, brusco, molesto.*) Non me explico como pode ser... En fin, deixemos iso.

SANTA IRENE.- Ben, vexamos. (*Colle uns papeis da mesa.*) Teñen sorte, na defensa tocoulles San Xudas, que é patrón dos imposibles... das causas perdidas...

ANXO 1.- (*Soan timbais ou calquera outra música pretendidamente celestial mentres quedan mirando para a porta da dereita, agardando. Non aparece ninguén.*) San Xudas, que é patrón dos imposibles! (*Un novo son de timbais con idénticos resultados.*)

SAN PEDRO.- Este Xudas sempre fodendo! (*Trono.*) Fornicando! (*Outro trono.*) Istoo... amolando!... A ver!, que pasa?

ANXO 1.- (*Asomando.*) Aquí non aparece ninguén.

SANTA IRENE.- Será posible? Xa dicía todo o mundo que este Xudas non era de fiar.

ANXO 2 e ANXO 3.- (*Asomando tamén.*) Chamámolo?

SAN PEDRO.- Chamade, chamade.

VOZ EN OFF.- (*Son de campaña de aeroporto e ton de voz feminino.*) "Atención por favor, San Xudas, preséntese urxentemente na Sala dos Xuízos. Atención, por favor, San Xud..."

A mensaxe interrómtese de súpeto.

SAN PEDRO.- E agora? Seica se... "amolou" a megafonía.

ANXO 1.- (*Asomando canda os outros dous.*) Xa chega, xa chega, velaí vén.

SANTA IRENE.- (*Con alivio.*) San Xudas, patrón das causas perdidas!

Entra, ao son dos timbais, os ARCAXOS FIDEL e PIMENTEL, alasando pola carreira, coas meleniñas louras despeiteadas e as túnicas brancas descompostas, mesmo traen as ás descolocadas. ANXO 1, ANXO 2 e ANXO 3 entran con eles e amósallen o camiño tratádoos con moito respecto

SANTA IRENE.- (*Sorprendida.*) Ti non es San Xudas! E ti menos!

ARCAXO FIDEL.- (*Tímido.*) Non señora.

ARCAXO PIMENTEL.- (*Compoñéndose.*) Non señora.

SANTA IRENE.- (*Con enfado crecente.*) Non sodes nin santos, sequera.

ARCAXO FIDEL.- (*Morto de medo.*) Non, nin sequera, señora.

ARCAXO PIMENTEL.- (*Morto tamén de medo.*) Nin sequera, señora.

SAN PEDRO.- (*Estoupando.*) E logo que pintades aquí, ho?

ARCAXO FIDEL.- Somos os substitutos de Santo Antón, señor.

ARCAXO PIMENTEL.- Os substitutos, señor.

SAN PEDRO.- (*Con retranca.*) Ah!, perfecto, xa me quedo máis tranquilo: eu chamo a San Xudas; primeiro non aparece ninguén,... despois que si que ven,... e logo vindes vos e por riba dicides que o facedes en troques de Santo Antón

ARCAXO FIDEL.- Todo ten unha explicación.

SANTA IRENE.- (*SAN PEDRO impide cun aceno que o arcanxo Pimentel repita.*) Xa, xa, iso esperamos. Ímonos tranquilizar. A ver, polas vosas ás vexo que sodes uns anxos, non?

ARCAXO FIDEL.- Non, señora.

SAN PEDRO.- (*Perdendo os nervios.*) Que sodes logo, dúas pegas xemelgas?

ARCAXO FIDEL.- Arcaxos, señor. Ar-can-xos. (*Ao público, moi sentido.*) Ar-can-xos. Co que me doe que me chamen pega.

ARCAXO PIMENTEL.- (*Ao público, moi sentido.*) Ar-can-xos.

SANTA IRENE.- E cal é o voso nome, Miguel?, Rafael?, Gabriel?

ARCANXO FIDEL.- El é Pimentel e eu son Fidel, señora. É que non somos propiamente arcanxos aínda, máis ben anxos en comisión de servizos.

SANTA IRENE.- Xa, e sobriños de...

ARCANXO FIDEL.- De Santo Antón, como o sabe?

SANTA IRENE.- Ah, por nada, imaxinábao. E por riba chegades con atraso.

ARCANXO PIMENTEL.- A culpa é miña... É que estaba empezando a cear cando nos chamaron e...

SAN PEDRO.- (*Que non lle fai caso.*) O que non entendo é por que tiña que vir Santo Antón cando lle tocaba a San Xudas.

ARCANXO FIDEL.- (*Confidencial.*) Foi unha confusión do Xefe.

SANTA IRENE.- (*Sinalando o triángulo.*) Do Xefe?

ARCANXO FIDEL.- Si, o seu oído xa non é o que era, e parece ser que confundiu o patrón das causas perdidas co das cousas perdidas.

SAN PEDRO.- Ah! E o voso tío?

ARCANXO PIMENTEL.- Está de baixa.

SANTA IRENE.- Enfermidade?

ARCANXO PIMENTEL.- Accidente. Trabouno un can.

SANTA IRENE.- Outra vez? Si que ten mala sorte para ser o valedor dos animais.

ARCANXO PIMENTEL.- Cousa dos do inferno, que deixan os dóbermans soltos.

SAN PEDRO.- O inferno! Esquecíame da acusación. (*Consulta os papeis.*) Mala sorte, o xuízo vai ser longo. Tócalles ás fillas do Demo, Luci e Fera.

Comezan a soar os timbais pero, tras unha ollada furibunda de SAN PEDRO aos ANXOS que se retiran, o seu son morre nun desmaiado chirlo metálico. Entran entón LUCI e FER, a paso apertado, con forquita, tacón alto, capa vermella, lenzaría fina da mesma cor e medias con ligueiros, provocativas, desenfadadas, arrecendendo a perfume francés cunhas notas de xofre, aínda que xa moi esvaecidas.

LUCI.- E xa eran horas, vello chocho, que vai boa que esperamos e aquí vai un frío do... (*Trono. SAN PEDRO fai un aceno de impotencia.*)

ARCANXO FIDEL.- Frío? Porén eu considero que a temperatura é a adecuada.

ARCANXO PIMENTEL.- Eu tamén considero que a temperatura é...

FERA.- (*Cortando.*) Xa, papón, pero se viñeses coma nós dun sitio moito máis quente xa verías como che quedaban os... Ou non, porque seica os anxos non tedes... (*Bótalle a man á entreperna e o ARCANXO PIMENTEL recúa sorprendido mentres soa un trono terrible.*)

SAN PEDRO.- Que ordinaria é!

FERA.- Non nos quentes, vello chocho...

SANTA IRENE.- Son as dúas máis que ordinarias.

ARCANXO FIDEL.- (*Con ollos regalados, mirando a Luci*) Si, é extraordinaria.

ARCANXO PIMENTEL.- (*Con ollos regalados, mirando a Fera*) Si, é sobresaliente.

LUCI.- Moitas grazas. Será porque non teño cara de pan centeo mal cocido nin luzo un par de ás plumosas nas costas.

FERA.- E eu non ando por aí en camisón, como fan outras.

ARCANXO FIDEL.- E os corniños eses, que? Eh?

LUCI.- Isto é máis común do que ti pensas, querido.

ARCANXO FIDEL.- Que desvergonzada! Abonda ver como vas medio espida por aí para saber o tipo de persoa que es.

ARCANXO PIMENTEL.- Desvergonzada ti tamén (algo teño que dicir)

FERA.- Ollo anxo, non te metas en líos.

ARCANXO PIMENTEL.- Arcanxo. Ar-can-xo!

SAN PEDRO.- Isto non pode ser, non é posible seguir así. Rapaces, vinde acó. (FIDEL e PIMENTEL achéganse e SAN PEDRO bótalle a man polos ombros, paternal. Mentres eles falan LUCI e FERA repintan os labios, coquetas). Mirade, nenos, esas de aí son o demo, entendedes? O demo. Si, xa sei que as vedes con figura de muller, pódenvos parecer agradables, mesmo atractivas: esas figuras esveltas, esas caras anxelicais, esas melenas sedosas, ese ollar doce...

SANTA IRENE.- San Pedro!!

ARCANXO PIMENTEL.- Esas pernas torneadas...

ARCANXO FIDEL.- Eses cus recachados...

SANTA IRENE.- (*Cortante*) Nada. Cada vez que as vexades, pensade no demo: rabo de frecha, cornos.

Os ARCANXOS miran a LUCI e FERA e elas envíalles un bico

ARCANXO PIMENTEL.- Intentareino, pero non sei se poderei

ARCANXO FIDEL.- E que dende logo, non parecen demos. (*Mirando de esguello as pernas de FERA*)

SAN PEDRO.- E agora, se a acusación e a defensa teñen a ben, poderíamos comezar o xuízo.

SANTA IRENE.- (*Sinala ao público*) Esta xente empeza a impacientarse. Pois ben, señores da defensa e da acusación, teñen cinco minutos para escolleren ao xurado; unha ou dúas almas por cada un.

(Os ARCANXOS, LUCI e FERA, acompañados de ANXOS baixan ao patio de butacas. De entre o público van escollendo cada un a algunha persoa ao tempo que fan comentario do tipo: "PIMENTEL: Vostede, que ten cara de boa persoa", "LUCI: vostede, que ten cara de mala persoa", "FIDEL: Esta rapaza, que debeu morrer de morte natural", "FERA: Ti, o que te escondes, un suicida, seguro; ven para irnos faliarizando" ...os ANXOS que andan por aí acompañan aos designados cara ao escenario e axúdan a que se senten nas cadeiras destinadas ao xurado)

SAN PEDRO.- Benvidos, benvidos, benvidos. Antes que nada moitas grazas por brindárense amable e voluntariamente a cooperaren connosco.

SANTA IRENE.- Brevidade, San Pedro, brevidade. Estimados anxos explicade a esta boa xente que teñen moita responsabilidade.

ANXO 1.- Así é. Que teñen que facer? Moi fácil. Cada un de vostedes ten dúas cartolinas, unha azul e outra vermella. Cando remate o xuízo San Pedro pedirálles o seu veredicto para cada acusado, se a maioría levanta a cartolina azul...

ARCANXO PIMENTEL.- (*Interrompendo*) Salvado!

ARCANXO FIDEL.- A gloria eterna!

ANXO 2.- Pero, se a maioría levanta a cartolina vermella

LUCI.- (*Interrompendo*) Ao caldeiro!

FERA.- A quentarse no inferno!

ANXO 1.- De todos modos, trátase de acumular puntos, cartolina azul: punto positivo; cartolina vermella: punto negativo.

ANXO 3.- O resultado final da totalidade dos xuízos é o que vale.

ANXO 1.- Claro, non pensen que no ceo podemos condenar alguén simplemente polo que poida facer coa súa lingua.

SANTA IRENE.- Polo tanto, se a maioría escolle azul (*Soan atronadores os 26 primeiros segundos dos coros do Aleluia, do Mesías de Händel, mentres os ARCANXOS xuntan as mans en actitude arrebatada, LUCI e FERA tapan os oídos e o escenario envólvese dunha luz celestial azul*) Pero

se a maioría escolle vermello... (*Escóitanse, a maior volume aínda, os primeiros vinte segundos da obertura da ópera O holandés errante, de Wagner. Os ARCANXOS tapan os oídos, aterrados, LUCI e FERA brincan, exaltadas, e o escenario escurécese cunha terrible luz vermella*).

De repente soa o teléfono vermello. SAN PEDRO descolga en medio dun silencio reverencial, os ARCANXOS axeónllanse, mesmo LUCI e FERA permanecen serias e inmóbiles. Soa un coro de anxos, un halo azul invade o escenario, a atmosfera se carga de santidad.

SAN PEDRO.- (Escoita un anaco, sen dicir nada). Que non señora, que isto non é unha lavandaría industrial (Todos os fenómenos de santidad desaparecen tan axiña como se manifestaron. Colga, moi molesto)

FERA.- Podemos continuar dunha vez? Estoume quedando tesa

ARCANXO FIDEL.- Por nós, dende logo, estamos listos

ARCANXO PIMENTEL.- (De súpeto) Ah! Non, faltánnos as testemuñas.

LUCI.- Que testemuñas?

ARCANXO PIMENTEL.- As testemuñas. Cales van ser?, as que testifiquen en favor dos acusados, digo eu.

SANTA IRENE.- Rapaz, aquí non hai testemuñas.

ARCANXO FIDEL.- E logo, quen testifica?

FERA.- Pero homes, imos ver: que dixo o voso xefe? (*os ARCANXOS sinalan o triángulo e LUCI e FERA acenan afirmativamente*)

ARCANXO FIDEL e ARCANXO PIMENTEL.- E...

FERA.- Segundo que serían xulgados os homes?

ARCANXO FIDEL e ARCANXO PIMENTEL.- Segundo...

LUCI.- Segundo...

SANTA IRENE.- Segundo...

ARCANXO FIDEL.- Segundo...

ARCANXO PIMENTEL.- Segundo..., segundo..., ese día debín faltar á catequese.

SAN PEDRO.- Segundo os seu feitos, papóns.

ARCANXO FIDEL.- Claro

ARCANXO PIMENTEL.- Claro, segundo os feitos. Non caía.

SANTA IRENE.- Cando queirades probar algo, en vez de chamar a unha testemuña remitídesvos aos feitos.

ARCANXO FIDEL.- Claro

ARCANXO PIMENTEL.- Claro

LUCI.- Estes non se aclaran

SAN PEDRO.- É igual, xa irán aprendendo sobre a marcha, que non temos toda a eternidade (*Soa un trono*) Ben, si a temos, pero non é cuestión de desperdiciala.

SANTA IRENE.- Señoritas fiscais, señores avogados, ocupen os seu lugares, o xuízo vai comezar (*Ocupan os seus asentos detrás de cadaúa mesa, o propio SAN PEDRO e SANTA IRENE sitúanse detrás da súa, e SAN PEDRO peta tres golpes cun mazo*) Ábrese a sesión. Señoritas, teñen vostede a relación dos acusados?

FERA.- (*Índolla entregar e falando para si*) Nunca entenderei por que para comezar o xuízo teño que sentar no meu sitio para levantarme aos dous segundos, é ridículo (*A SAN PEDRO*) Teña, señorita.

SANTA IRENE.- Ben, imos comezar coas alegacións iniciais. Ten a palabra as representantes da acusación, logo falará a defensa. Sexan breves, por favor.

LUCI.- (*Achégase ao xurado*) De acordo, imos ser moi concisas porque o asunto está clarísimo. Hoxe

imos xulgar a fala e o que hai aquí son galegos, salvo algunha excepción.

FERA.- (*Achégase ao xurado*) Os franceses falan francés, os rusos ruso, os chineses chinés, os xaponeses xaponés... só os galegos non queren falar galego. E iso é moi feo.

LUCI.- En realidade non é que sexa feo, é patético

FERA.- (*O discurso espésase de xúpeto en seriedade e diríxese agora máis ao público có xurado*) Hai algo máis triste ca unha persoa que se nega a ser o que é e pretende ser algo diferente?

LUCI.- Un galego que desprece a súa lingua atenta contra si mesmo, contra a identidade do seu pobo, da súa cultura, do seu ser.

FERA.- Creemos que a cuestión está clara e non presenta dificultades, por iso solicitaremos de vostedes, señores e señoras do xurado, un veredicto de culpabilidade que ben seguro non dubidarán en pronunciar unha vez examinen os casos dos acusados. Moitas grazas.

SANTA IRENE.- De acordo. Agora ten a palabra a defensa.

ARCANXO FIDEL.- (*Moi profesional*) Nós imos ser aínda máis breves: acaso non ten unha persoa dereito a falar o que lle pete?

ARCANXO PIMENTEL.- Por iso lles pedimos que sexan benévolos. Pódese condenar a unha persoa por falar a lingua que lle saía dos... (*Trono*) dos... (*Outro trono*)...?

ARCANXO FIDEL.- Evidentemente, non. Trátase dunha opción persoal, nun dun acto punible. Segundo iso solicitamos do xurado un veredicto de inocencia. Moitas grazas.

SAN PEDRO.- Ben, moitas grazas señores representantes da defensa. Procedemos a comezar co xuízo. Este tribunal chama ao primeiro acusado, acusada neste caso: (*le dun papel*) Elpidia Lojo Arneiro.

ANXO 2 acompaña a DIÑA, que leva un vestido e unha chaqueta, ata o banco dos acusados e alí senta.

ANXO 2.- Diga o seu nome, señora

DIÑA.- Diña. (*ANXO 2 mira a SAN PEDRO e SANTA IRENE, confundido*)

SANTA IRENE.- O seu nome completo, señora.

DIÑA.- Elpidia, pero todo el mundo me llama Diña, de Elpi-diña.

ANXO 2.- Xura dicir a verdade, toda a verdade e nada máis ca a verdade.

DIÑA.- Si, juro.

ANXO 2 retírase

SANTA IRENE.- Señora, os cargos contra vostede son iguais aos do resto dos aquí presentes: acúsaselle de atentar contra a lingua do seu país. Ten algo que dicir ao respecto?

DIÑA.- Yoooo?, nadiña de nada, que le voy a decir? No le tengo nada contra el gallego, el que lo quiera hablar que lo hable, allá él.

SAN PEDRO.- Ten a palabra a acusación.

LUCI.- Sabe vostede por que está aquí, señora Elpidia?

DIÑA.- Diña.

LUCI.- Elpidia... sábeo ou non?

DIÑA.- Esta muller e o Demo.

FERA.- Nin eu o diría mellor. Pero sábeo ou non?

DIÑA.- Pues no, no le sé por que estoy aquí, la verdad.

LUCI.- Podería haber moitas razóns para que estivese presente, por suposto, pero foi escollida só por unha delas: está vostede aquí sentada en calidade de nai.

DIÑA.- Pois logo non lle entendo nada.

ARCANXO FIDEL.- Protesto, as fiscais intentan confundir a nosa defendida.

SAN PEDRO.- Admítese a protesta. Concreten, señoras fiscais.

LUCI.- Ten vostede dous fillos, non é certo?

DIÑA.- Borjiña y Tamara.

LUCI.- Por que non quere que eles falen galego, Elpidia?

DIÑA.- Diña

LUCI.- Elpidia.

ARCANXO PIMENTEL.- Protesto, a fiscal está intentando enervar a miña defendida.

SANTA IRENE.- Non se admite a protesta. Continúen.

DIÑA.- (*Interrompendo*) Vamos a ver: no es que yo no quiera que hablen gallego, que ya dije que tanto me tenía lo que cada quien hablara. Lo que pasa es que no se les da bien a los niños, no les gusta. Ellos lo saben un poco, porque en el colegio se lo aprende el profesor, pero... no les va. Y además, para que lo...?

ARCANXO FIDEL.- Podo intervir, señorías?

SANTA IRENE.- Adiante, adiante.

ARCANXO FIDEL.- Estou seguro de que Diña (*DIÑA sorrille ao escoitar o seu nome*). Estou seguro de que, dentro da liberdade irrenunciábel para falar cada quen a lingua que queira, terá levado accións destinadas a que os seus fillos aprendesen e usasen tamén a lingua galega con normalidade.

DIÑA.- (*Inicialmente moi segura*) Si, claro que si. Ahora mismo no me... (*Lembrando de súpeto*) Ai, si! un ano mesmo os mandei a clases particulares de galego

FERA.- Iso é interesante. Podemos acudir aos feitos para corroboralo, se a defensa non ten inconveniente.

ARCANXO PIMENTEL.- Os feitos?

ARCANXO FIDEL.- Que feitos?

SAN PEDRO.- Ai, estes novatos! (*Aos ARCANXOS*) Mirade e aprendede, rapaces. (*Á sala, con voz solemne*) Aos feitos me remito!

Escuro total. Para marcar esta transición –que debería completarse o máis rápidamente posible-, e así mesmo as outras similares a ela ao longo da obra, pode soar mentres dure a escuridade unha música que contribúa a crear unha atmosfera difusa, etérea, un clima onírico. Se cada os primeiros segundos do Preludio á sexta dun fauno de Debussy resulten axeitados.

VOZ EN OFF.- (*Con entoación de teleserie suramericana, como sempre nestas transicións*) Nun caluroso día do mes de xuño de hai tres anos...

A luz ascende no proscenio mentres o foro segue na escuridade. Alí aparece DIÑA, leva un carriño de bebé e tirou a chaqueta, de modo que vai vestida de sisas, detense no centro, en actitude de espera. Axiña aparece a súa AMIGA apurada, tamén con roupa de verán e así mesmo cun cochiño de bebé.

DIÑA.- (*Á AMIGA*) Non apures, que aínda falta un pouco. (*Sinalando o fondo*) Polo de agora non saíu ninghén do colexio.

AMIGA.- Menos mal. Que calor! Afogho.

DIÑA.- (*Mirando ao bebé do carriño*) Meu pobre, debe vir cocido.

AMIGA.- Si muller, vouno desagrighar un pouquiño, que está suando... Pensei que non daba chegado.

O neno revólvese inqueda no seu coche, a AMIGA ponlle o chupete e agarímao un pouco.

DIÑA.- (*Achegándose a mirar*) Este neno ten calor. Verdade que estás cocidiño, mi vida?

AMIGA.- Dille: Un pouquiño.

DIÑA.- Como non lle quitas os zapatos? Va que tienes los pies ardidos, Cristianciño?

AMIGA.- Dille: Tengo, tengo, pero ahora mi mamá me va a descalzar. (*Tíralle os zapatos ao neno*)

DIÑA.- Ves, ahora mucho mejor.

AMIGA.- Dille: Ay, si, ahora ya se me fue la calor. (*A DIÑA*). O que che iba a conta. Levo un día de tolos buscando o reghalo para o meu Iván. Farteime de mirar tendas e non atopar nada que me convencese.

DIÑA.- Non lle compraches nada?

AMIGA.- Si, ao final si, merqueille o xogho que quería. (*Sacando o xogho do bolso*) Mira.

DIÑA.- *(Lendo con dificultade)* “Imperial Attack. You will be able to burn and to kill enemies...” “ Isto está todo en inglés.

AMIGA.- Si, pero o da tenda díxome que tanto tiña, que os nenos o entendían ben.

DIÑA.- Ai, seguro que si. Eu non sei onde o aprenden, pero non che son coma nós.

AMIGA.- Hoxe en día haiche cada adianto...

DIÑA.- Cando nos deamos conta non nos imos a entender cos nosos fillos.

AMIGA.- *(Un pouco escandalizada)* Non dighas iso, muller. *(Dirixíndose ao bebé de DIÑA)* A que tú sempre te vas a entender con tu madre, cariño?

DIÑA.- Dille: Ya veremos.

Pausa. Cada unha arrola ao seu bebé no carro.

AMIGA.- *(Acenando cara ao fondo do escenario)* Eses nenos están tardando un pouco hoxe, non?

DIÑA.- É normal, hoxe é o último día, xa sabes. Ademais danlles as notas.

AMIGA.- Ai, si, a ver si hai sorte.

Soa un timbre e óese o rebumbio dos nenos ao saíren do colexio.

AMIGA.- Velaí veñen, e traen as notas.

As dúas xiran cara ao foro dándolle as costas ao público mentres falan cos seus fillos que acaban de saír do colexio.

DIÑA.- Dáme las notas mi vida, y vete a jugar al parque, pero ojiño con los coches.

AMIGA.- Tú lo mismo, Ivanciño, y ya sabes lo que te digo...

Cando se volven xirar cada unha delas ten o boletín de notasdo seu fillo na man. Examínao brevemento en silencio.

DIÑA.- Que?

AMIGA.- Aprobadas todas menos unha.

DIÑA.- O meu ighual.

AMIGA.- Ghalegho?

DIÑA.- Xusto.

AMIGA.- É para partirlles a cara.

DIÑA.- Que parviños che son...! *(Sentenciando)* A clases particulares de ghalegho todo o verán!

Escuro de súpeto, soa a música de Debussy uns instantes de modo que DIÑA poida regresar ao seu banco de acusada e poñer a chaqueta, e a AMIGA teña tempo de desaparecer cos carriños. Tras isto, o escenario recupera de vagar a súa luz.

LUCI.- Xa vexo *(Imitando a DIÑA)* “a clases particulares de ghalegho”. Creo que os feitos falan por si mesmos.

DIÑA.- Pero eu á pasantía mandeino.

LUCI.- Permítame unha pregunta, señora Elpidia.

DIÑA.- E dálle co nome.

LUCI.- Coñeceu vostede os seus bisavós?

DIÑA.- No sé a que viene eso ahora.

SANTA IRENE.- Límitese a responder o que lle preguntan, por favor.

DIÑA.- Solo a mi bisabuela, ya muy viejiña.

LUCI.- Lembra que lingua falaba ela?

DIÑA.- Falaba en galego, pobriña., que Dios la tenga en la gloria.

LUCI.- Xa. E os seus avós, coñeceunos?

DIÑA.- Si, claro.

LUCI.- En que lingua falaban?

DIÑA.- En que iban hablar, en gallego, no sabían otra cosa...

LUCI.- Ben. E seus pais, en que falaban?

DIÑA.- En las dos.

LUCI.- Xa, pero que lingua falaban normalmente?

DIÑA.- La verdad es que siempre hablaban en gallego, sobre todo mi padre, que era muy aquelado para estas cosas.

LUCI.- Que opinión ten, en xeral, da súa bisavoa, dos seus avós ou de seus pais?

DIÑA.- Unos santos.

LUCI.- Cre vostede que os seus avós, ou seus pais a educaron de forma insuficiente?

DIÑA.- Desde luego que no, hicieron lo que pudieron y lo hicieron bien.

LUCI.- Está conforme, entón, cos coñecementos e valores que lle transmitiron?

DIÑA.- Pues claro.

LUCI.- E porque, logo, no llelos transmite vostede aos seus fillos?

DIÑA.- Eh?

LUCI.- Si, tamén a lingua é un coñecemento e un patrimonio, e só existe se a xente a fala. Tan malo lle parece o que falaban seus pais para non querer falalo vostede nin que o falen os seus fillos?

DIÑA.- Home, visto así...

ARCANXO FIDEL.- *(Interrompendo)* Parvadas. Que conste en acta que a nosa defendida enviouo os seus fillos a clases particulares de idioma galego durante o verán.

DIÑA.- Iso, que conste.

ARCANXO FIDEL.- E que, sen dúbida, é unha acción decidida a prol da lingua do país.

FERA.- *(Con retranca)* Indiscutiblemente.

DIÑA.- Y pagando do meu peto, y luego!

ARCANXO FIDEL.- Tomen nota, señores do xurado.

DIÑA.- Si por mí fuera, las cosas habían de ser bien distintas.

FERA.- En que sentido?

DIÑA.- Los niños no habían de perder el tiempo aprendiendo gallego, tampoco lo perdí yo y aquí me tiene.

FERA.- Xa.

DIÑA.- Que bastante tienen los pobres ya con todo lo que le hacen estudiar. Algo serio: matemáticas, inglés, cosas útiles... Hombre de Dios! *(Trono)* Que pasa? Va haber treboada!

FERA.- Non faga caso, continúe.

DIÑA.- Yo misma, el gallego lo sé, pero casi nunca lo uso porque no me parece de buena educación. Además con el castellano me doy mejor, me suena más fino.

ARCANXO PIMENTEL.- *(Intentando evitar o desastre)* Non parece ético que alguén se condene por intentar mostrarse respectuoso e educado cos demais. A boa educación non é punible.

FERA.- Creo que todo o que queríamos dicir xa está dito, pola nosa parte non hai máis preguntas, señorías.

ARCANXO PIMENTEL.- Pola nosa tampouco.

Soa o teléfono vermello de novo. SAN PEDRO descolga con expresión de fatalidade, como sabendo o que vai atopar. PIMENTEL E FIDEL fican en terra un único xeonllo, desconfiados. A luz azul invade o escenario durante uns poucos segundos, non se oe nin o canto dos anxos nin se percibe a atmosfera de santidade.

SAN PEDRO.- *(Rápido, sen apenas escoitar o seu interlocutor)* Non, señora, isto non é unha lavandaría industrial. Tan difícil é enténdelo? (...) Eu que sei, pois merque unha lavadora. *(Colga, brusco, a punto de perder os papeis)* Ben... *(De súpeto, vendo aos ARCANXOS que continúan en transo)* E vos que facedes aí de xeonllos? Levantade, ho *(Fai un par de inspiracións profundas para recuperar a calma)*

SANTA IRENE.- Ben, sendo así, deixámolo visto para sentenzaa. A acusada pódese retirar. *(Entran ANXO 2 e ANXO 3 que custodian a DIÑA e acompañana ata a saída)* Agardará fóra ata que o xurado tome a súa decisión. *(Aos membros do xurado)* Advírtolles que, para axilizar os trámites,

non se pronunciarán agora, senón ao final da vista, cando xa teñan pasado por esta sala todos os acusados. Iso tamén lles proporcionará tempo para a reflexión.

ARCANXO PIMENTEL.- Señorías, non poderíamos facer un receso para cear? Eu vin así, sen comer nada, e...

SAN PEDRO.- Denegado.

ARCANXO PIMENTEL.- *(Para si)* Que fame teño.

SAN PEDRO.- A ver, quen é o próximo acusado, *(Remexe nos seus papeis)* Aquí está, non próximo, senon, próximas. Este tribunal chama a Peregrina Lamas e a súa cuñada Celsa Agulla.

ANXO 1 e ANXO 3 acompañan a PEREGRINA e CELSA. PEREGRINA. Son unhas paisanas, con saia escura, chaqueta negra e pañoleta.

ANXO 1.- Diga o seu nome, señora.

CELSA.- Celsa Agulla.

ANXO 1.- E vostede, señora?

PEREGRINA.- Peregrina Lamas.

ANXO 1.- Xuran dicir a verdade, toda a verdade e nada máis ca a verdade?

CELSA.- Si

PEREGRINA.- Si

SANTA IRENE.- Señorías, a súa presenza hoxe aquí débese a que se lle acusa de atentar contra a lingua do seu país. Teñen algo que dicir ao respecto? *(PEREGRINA e CELSA acenan negativamente, cunha ollada desconfiada e a convicción de que o asunto non vai con elas)*. Daquela, concédeselle a palabra á defensa.

ARCANXO FIDEL.- Señora Peregrina, en que lingua fala vostede?

PEREGRINA.- En galego, claro

ARCANXO PIMENTEL.- Señora Celsa, en que lingua fala vostede?

CELSA.- En galego, claro

ARCANXO FIDEL.- E dígame, PEREGRINA, en que lingua fala vostede coa súa cuñada?

PEREGRINA.- En galego

ARCANXO PIMENTEL.- Celsa, e vostede, en que lingua fala co seu home?

CELSA.- En galego.

ARCANXO PIMENTEL.-E cos seus fillos, en que lingua falan vostedes?

PEREGRINA e CELSA.- En galego.

ARCANXO FIDEL.- E cos seus amigos e amigas, PEREGRINA, en que lingua fala?

PEREGRINA.- En que vou falar?, en galego.

ARCANXO PIMENTEL.- Señora Celsa, lembra vostede en que lingua falaba cos seus pais?

CELSA.- Lembro: en galego.

ARCANXO PIMENTEL.- E cos seus avós.

CELSA.- En galego. Coma esta *(senalando a PEREGRINA)* cos seus pais e avós

ARCANXO FIDEL.- En xeral. señor PEREGRINA, que lingua fala vostede normalmente?

PEREGRINA.- Que vou falar?, galego

ARCANXO PIMENTEL.- En xeral, señora Celsa, que lingua fala vostede normalmente?

CELSA.- Galego, home, galego.

ARCANXO FIDEL.- Polo momento non hai máis preguntas, señorías.

SAN PEDRO.- *(Con certo aire desafiante)* Desexa a acusación interrogar as acusadas?

FERA.- Sí, señorías. Con sinceridade, señora PEREGRINA, que pensa vostede sobre a lingua galega?

PEREGRINA.- Pois penso que non vale para nada.

FERA.- Moitas grazas pola franqueza. Non hai máis preguntas.

ARCANXO FIDEL.- Pero muller, como di vostede iso?

PEREGRINA.- Home, o galego está ben para a casa, para a familia, pero...

CELSA.- ... Todo o mundo sabe que unha vez pasada Pedrafita non vale para nada.

ARCANXO PIMENTEL.- Ah, xa entendo. *(Facendo un esforzo de síntese)*En definitiva, a súa afirmación susténtase na concepción do galego como lingua minoritaria, inválida para contextos internacionais.

PEREGRINA e CELSA.- *(Confusas coa definición)* Exactamente... E...

ARCANXO FIDEL.- *(Insistindo)* Non teñen vostedes nada en contra da lingua galega, simplemente constatan que non serve para saír de Galicia, é iso?

PEREGRINA e CELSA.- Exactamente.

Os ARCANXOS retíranse, satisfeitos.

LUCI.- Díganme, señoras, cantos anos teñen vostedes?

PEREGRINA.- Setenta e tres.

CELSA.- Eu, o mes que vén fago sententa xustiños.

LUCI.- E cantas veces, nestes anos, saíron vostedes fóra de Galicia?

PEREGRINA e CELSA.- Muller... *(Falan entre elas, contando cos dedos, mentres mal e baixo óselles rosmar algo así como “voda da filla”, “xura de bandeira”... finalmente esconden os dedos da man)*

CELSA.- Saír, saír, o que se di saír, non saímos nunca, pero...

LUCI.- *(Interrompéndoa)* Non hai máis preguntas, señoría

ARCANXO FIDEL.- *(Moi profesional)* Gustaríame facerlle ver ao xurado que o feito de que as acusadas non abandonasen nunca o país non invalida o seu argumento: máis aló de Pedrafita o galego non se usa, e polo tanto, resulta inútil.

LUCI.- Quizais o xurado deba reflexionar sobre o feito de que todas as lingua teñen fronteiras. Segundo ese argumento, todas as linguas son inútiles.

ARCANXO PIMENTEL.- Exacto, son consecuencia da soberbia humana, xa desde a torre de Babel.

FERA.- Pero aínda seguides mantendo esa parvada? As linguas son froito da diversidade, un antídoto contra o pensamento único, contra a globalización, contra a uniformidade que cada vez está imponéndose, son unha mostra marabillosa... En fin, calo

ARCANXO FIDEL.- Un estorbo, iso é o que son.

LUCI.- Señora Celsa, para que cre vostede que serven as linguas?

CELSA.- Para que vai ser?, para falar, ou?

LUCI.- Xusto.

ARCANXO PIMENTEL.- Entón con cantas máis persoas se poida falar unha lingua, máis útil será.

FERA.- Depende.

ARCANXO PIMENTEL.- Non vexo de que

FERA.- Da situación de cada un. O chinés, por exemplo, é o idioma máis falado do mundo, pero seguramente á señora PEREGRINA lle resultase bastante incómodo na súa vida diaria falar chinés.

SANTA IRENE.- Lémbrolles a acusación e mais á defensa que están perdendo o fío do tema, que se están desviando, que...

PEREGRINA.- *(Axudando)* Que están mexando fóra do penico?

SANTA IRENE.- Iso mesmo.

LUCI.- Señora Celsa, por exemplo, vostede fala galego normalmente. O galego é, pois, a súa lingua, a lingua na que vive, por que a despreza?

CELSA.- O galego que eu falo, está mal falado. Que eu son de A Coruña

LUCI.- Perdón?

CELSA.- Falámolo mal, nós sabemos o galego que nos aprenderon os nosos pais...

PEREGRINA.- Pero onde nós somos, non se fala ben o galego. E menos eu, que son de Pontevedra.

FERA.- Iso sóame de telo escoitado máis veces...

PEREGRINA e CELSA.- Como? Non entendemos?

FERA.- Agora verán. Aos feitos me remito!

Escuro. Unha luz cenital ilumina o proscenio. Ambiente de taberna na que están botando un tute. PEREGRINA, CELSA, un PAISANO e unha PAISANA xogan.

VOZ EN OFF.- Nunha sobremesa de hai dous anos, na Churrascaría Hiroshima...

PEREGRINA.- Arrastro! (*Volvendo a unha conversa anterior*) Pois en Pontevedra temos a Peregrina, a única igrexa do mundo con planta en forma de vieira.

CELSA.- Aló vai o último trunfo que me quedaba. Na Coruña temos a Torre de Hércules, o faro máis antigo do mundo que aínda funciona. Non vaias comparar.

PAISANO.- E a muralla de Lugo, que? Feita polos romanos!, que para algo tiñan o peito de lata. (*A PEREGRINA*) Ei!, levantáchesme o tres de bastos, vaime capar.

PAISANA.- E en Ourense, as Burgas, a única cicade do mundo con calefacción central. Ves o as de bastos? Por certo, o pau este dos bastos de que madeira será?

PEREGRINA.- O que?

PAISANA.- O dos bastos da baralla, son de madeira, pero de cal?

PAISANO.- Nunca se me ocorrera pensalo

CELSA.- Pola pinta deben ser de bedueiro.

PAISANO.- De que?

CELSA.- De bedueiro.

PEREGRINA.- De bidueiro, será.

PAISANA.- Pois nós chamámoslle bido.

PAISANO.- Ah, bídalo lle dicimos nós.

PEREGRINA.- Bídalo?, pois así debe de ser, porque eu sempre oín dicir que en Lugo era onde se falaba o galego máis cerrado, o mellor galego.

PAISANO.- Ai si? Pois eu en Lugo teño oído dicir que é na Coruña onde se fala un galego de lei. Nós dicimos “mao” e eles din “man”..

CELSA.- (*Interrompendo*) Non, ho, na Coruña todo o mundo sabe que onde mellor se fala é en Ourense.

PAISANA.- Pois en Ourense dise que o galego enxebre é o de Pontevedra, que cantan cando falan...

Escuro de súpeto, mentres PEREGRINA e CELSA regresan ao seu banco. A iluminación recóbrase en canto sexa posible.

ARCANXO FIDEL.- De todos modos, a pregunta segue aí: onde se fala ben o galego?

CELSA.- Iso.

LUCI.- Responderei á galega: Onde se fala ben o inglés, en Londres ou en Nova York? Onde se fala ben o italiano, en Roma ou en Nápoles? Onde se fala ben o castelán, en Madrid ou en Buenos Aires ou en Palencia ou en Lima?

PEREGRINA.- Fixémola boa (*Mirando aos ARCANXOS*)

FERA.- Fálase ben en todas partes, simplemente con variantes ou acentos distintos.

LUCI.- Resumindo, Celsa, vostedes falan normalmente galego cos seus familiares e cos seus veciños...

CELSA.- Non. Cos familiares si, pero con todos os veciños, non.

LUCI.- E logo?

PEREGRINA.- Na aldea onde vivimos, que lle somos arredor duns corenta, todos falamos galegos menos un.

CELSA.- Un médico que amañou unha casa e veu vivir aló cabo de nós.

FERA.- Xa. El fala castelán, non é?

CELSA.- Exactamente.

FERA.- E?

CELSA.- E cando nós lle falamos a el, facémolo en castelán.

LUCI.- E iso? Non entende o galego?

PEREGRINA.- Entende, entende, enténdeo perfectamente. Pero facémolo por educación.

ARCANXO PIMENTEL.- Os señores do xurado deben de tomar nota do excelente e cívico comportamento destas persoas, e da súa consideración para coas outras persoas.

FERA.- A súa vida desenvólvese en galego e falan galego entre todos, menos cando se dirixen ao médico, a quen lle falan en castelán.

PEREGRINA.- Por educación.

FERA.- Nunca se lle ocorreu pensar que, no caso de que houbese algún maleducado, ese tería que ser por forza o médico?

PEREGRINA.- Muller, visto así.

CELSA.- Ben pensado...

ARCANXO FIDEL.- Parvadas, parvadas. Que estas liantas non lle fagan cambiar de opinión. O seu comportamento é educado e correcto.

SAN PEDRO.- *(Tusindo un pouco)* Ben, se non hai intención de máis preguntas, as acusados poden retirarse. *(Entran os tres ANXOS e acompañan a PEREGRINA e CELSA).* A súa causa queda vista para sentencia.

SANTA IRENE.- *(Ao xurado)* Non esquezan o ocorrido nesta sala e mediten o seu veredicto que lles será solicitado ao final desta vista.

SAN PEDRO.- A quen lle toca agora? A ver. *(Remexe nos seus papeis)* Este tribunal chama as acusadas, as irmás Isolina e Atilana Graña Lemos.

ANXO 2 e ANXO 3 acompañan a LINA e LANA ata o banco

ANXO 3.- Digan o seu nome.

LANA.- *(Que se expresa de xeito afectado, con moito asubiar de eses e falar da Coruña)* Atilana Graña Lemos, pero puedes llamarme Lana, o sea, Lana.

ANXO 2.- E vostede?

LINA.- *(Á que tamén lle difran os ese e ten acento de Vigo)* Isolina Lemos Graña. A mi me llaman Lina.

ARCANXO FIDEL.- A ver, a ver, a ver. Un momento. Vós sodes irmás, non?

LANA.- Es evidente, gemelas, para máis seguridad.

ARCANXO FIDEL.- Entón como é posible que teñades os apelidos cambiados, unha Graña Lemos e a outra Lemos Graña?

LINA.- Como muy sagaces no sois aquí en el cielo, no? Tenemos los apellidos cambiados porque lo decidimos así, es algo perfectamente legal.

ARCANXO FIDEL.- Si, pero raro.

LANA.- A mí lo de tener alitas en la espalda me parece todavía más raro.

SANTA IRENE.- Deixemos de perder o tempo con parvadas. Que procedan co xuramento.

ANXO 3.- Xura... xurades dicir a verdade, toda a verdade e nada máis ca verdade?

LANA.- Si, o sea, si.

LINA.- Claro, por Dios.

ANXO 2.- Digan: si, xuro.

LANA e LINA.- Si, xuro

Os ANXOS retíranse.

SAN PEDRO.- Sabedes a razón pola que estades aquí?

LANA.- Si, o sea.

LINA.- Estuvimos ghichando por la puerta antes, más o menos sabemos de que va, que no, Lana?

LANA.- Si, o sea.

SANTA IRENE.- Sodes irmás e naturais de Vigo, non é?

LINA.- Para nada. Bueno, hermanas somos, eso fijo. Ahora, yo soy de Vigo y nací primero, pero mi hermana Lana es de Coruña, y nació después.

ARCANXO PIMENTEL.- Non pode ser. Que cambiarades a orde dos apelidos entra dentro do legal e do posible, vale. Pero que nacerades en sitios distintos sendo xemelgas é algo que si que non pode ser.

LINA.- Porque lo digas tú.

LANA.- O sea.

SAN PEDRO.- Non entendemos.

LINA.- A ver como os lo explico, chicos, que se ve que sois un poco diésel. *(Didáctica)* Vamos a ver: yo nací primero en Vigo, el parto se complicó y nos trasladaron a todas en helicóptero hasta el Juan Canalejo de Coruña, y allí nació Lana, entendéis?

LANA.- Ay no! Eso es incorrecto, fue al revés, primero nací yo en Coruña, y después nos llevaron en helicóptero al Meixoeiro de Vigo, y allí nació Lina, o sea, Lina.

LINA.- Para nada.

LANA.-Fue así, o sea, así.
LINA.- Para nada, para nada.
LANA.- Mentirosa, viguenta.
LINA.- Mentirosa lo serás tú, coruñenta.
LANA.-Forza Dépor!
LINA.-Ala Celtiña!
SANTA IRENE.- Ben, non ten maior importancia. Rectifico: sodes irmás e naturais unha de Vigo e outra da Coruña.
LANA e LINA.- Exacto.
SANTA IRENE.- Quedamos en que xa sabiades a razón da vosa presenza aquí.
LANA.- Si, por lo de la “fala”, que no?
SAN PEDRO.- Comecemos, pois. Ten a palabra a defensa.
ARCANXO FIDEL.- Grazas señoría. (*Dirixíndose a LANA e LINA*) Supoño que non estades en contra da lingua galega.
LINA.- Para nada, para nada, por Dios.
LANA.- No, o sea, no.
ARCANXO FIDEL.- Que conste en acta o talante desprovisto de prexuízos das miñas defendidas verbo do idioma propio de Galicia.
LANA.- Eso es.
LUCI.- Xa, e se non están en contra da lingua, por que non a empregan?
LANA.- Por favor.
LINA.- Es que el gallego no nos gusta.
ARCANXO PIMENTEL.- Volvemos ao mesmo, elas exercen un dereito inalienable: a escolla da lingua da dúa preferencia.
LUCI.- Ben, e non teño ningunha obxección contra ese dereito. Agora, as linguas sobreviven cando se usan, se non teñen falantes morren.
FERA.- O que xulgamos aquí é a responsabilidade dos cidadáns dun territorio cunha lingua, xulgamos un feito moral, non legal.
ARCANXO PIMENTEL.- E elas deixaron claro que non tiñan nada en contra.
LUCI.- Pero trátase dunha obriga sobre todo moral. E unha cuestión de solidariedade.
LINA.- Nosotras somos solidarias.
LANA.-Yo soy la madrina de un negrito, eh?
LINA.- Y yo colabora con una ONG en defensa del pueblo tibetano y la opresión que sufre por parte de China, que amenaza sus costumbres, su religión e incluso su lengua, o sea.
FERA.- A súa lingua tamén?
LINA.- Si, si, su lengua también.
FERA.- Vaia, pobres tibetanos.
ARCANXO FIDEL.- (*Intentando desviar a atención*) É unha preocupación que corrobora que as miñas defendidas son unhas excelentes persoas.
FERA.- Solidarias cos tibetanos si que son.
ARCANXO FIDEL.- Se cadra a acusación opina que a solidariedade é menos por non estar vehiculada en galego.
LUCI.- Un momento, un momento, a ver se nos aclaramos: ninguén pon en dúbida esa cuestión. Non estamos dando por sentado que aquelas persoas que non falan galego son mala xente, iso só pode pensalo un desequilibrado.
SANTA IRENE.- Entón?
FERA.- Entón que, independentemente de ser boas ou malas persoas, todo o mundo ten unha certa obriga moral coa súa terra, co seu país, coa súa cultura e, neste caso, coa súa lingua; coa lingua que falaban os seus antepasados, que falan aínda a maioría das persoas da súa comunidade. É a fidelidade a esa obriga o que se xulga hoxe, non outra cousa.
SAN PEDRO.- Non se pode negar que son un demo de listas.
LUCI e FERA.- Grazas.
LINA.- O sea, que tínhamos que haber hablado en gallego.
LUCI.- Exacto.

LANA.- Por los antepasados.
FERA.- Entre outras razóns.
LINA.- Pero si mis padres ya no hablaban casi nunca en gallego.
LANA.- Pues no sé, hija, pero a mí me suena muy bruto.
LUCI.- Iso son prexuízos.
ARCANXO PIMENTEL.- Xa, pero se non existe xa a transmisión de pais a fillos, ata que punto son elas responsables?
FERA.- Hai outras vías
ARCANXO PIMENTEL.- Por exemplo?
FERA.- O ensino.
LINA.- Ha!
LANA.-Hahahá!
ARCANXO PIMENTEL.- Que ocorre?
LINA.- Que estudiamos en las Obdulas Descalzas, un colegio privado
ARCANXO FIDEL.- E?
LANA.- Las clases de gallego las daba sor Crisanta.
LINA.- ... que acababa de llegar de Soria y le tocó lo que nadie quería.
ARCANXO FIDEL.- Comprendo.
LINA.- Bueno, a ver si nos dejamos de caralladas, todos sabemos que es un lengua de pailanes, que sólo se habla en la aldea...
ARCANXO PIMENTEL.- (*Cortando*) Ben, tiñan que falar en galego, non é?
LUCI.- Si, así é.
ARCANXO PIMENTEL.- Pois ben, en que galego?
SAN PEDRO.- Boa xogada, rapaz.
FERA.- Non entendemos.
LANA.- Eso, en que galego, o sea, en que gallego?
LUCI.- E logo hai máis de un?
LINA.- Estas tías no se aclaran. Lo que mi hermana pregunta es con que gallego.
FERA.- Non, non nos aclaramos.
LINA.- Cuando yo digo que son un poco diésel... a ver, tías, a vosotras que os gusta más, “comer o caldo” o “come-lo caldo”?
LUCI.- (*Caendo*) Ah, xa entendo, referídesvos á disputa normativa entre partidarios da ortografía oficial e a reintegracionista.
ARCANXO FIDEL.- La oficial, la reintegracionista, la de mínimos, la fonética, la padrao portuguesa, la de la concordia...
LANA.- Jopé, si tenéis un cacao que no os aclaráis vosotros, como queréis que nos enteremos nosotras, o sea, nosotras. Es un rollo que no hai Dios que lo entienda (*Trono*)
SAN PEDRO.- Aí teñen razón, eh? O do galego e as normativas é moi complicado, moito.
FERA.- Pois para aclaralo non hai nada mellor que acudir aos feitos. Aos feitos me remito!

Escuro total

VOZ EN OFF.- Nunha preciosa tarde de primavera, do século once... e ata os nosos días...

SAN PEDRO.- Un momento, un momento.

ARCANXO PIMENTEL.- Protestamos, protestamos

ARCANXO FIDEL.- Pero si iso son oitocen... novecen... unha manda de anos!

FERA.- E que? Non temos toda a eternidade?

SANTA IRENE.- Non, desta forma o xuízo alongaríase demasiado.

FERA.- Pois o conflicto normativo afunde as súas raíces en épocas moi afastadas.

SANTA IRENE.- Busque a acusación un xeito de facelo de forma abreviada, senon, non se presentará esta proba.

LUCI e FERA dialogan aparte un momento

FERA.- Faremos unha ce. a

ARCANXO PIMENTEL.- Unha cea? Iso estaría ben, coa fame que teño.

ARCANXO FIDEL.- Uns pementiños de padrón con...

LUCI.- Non, parvos. Unha ce. a. é unha “condesación alegórica”. Permítese nos estatutos (*Abre o libro e amósalle aos ANXOS*).

FERA.- Fixádevos, xa veredes como se poden comprimir nuns segundos unha chea de anos de disputas ortográficas.

SANTA IRENE.- Adiante. Teñen o noso permiso!

Escuro total de súpeto

VOZ EN OFF.- Nun momento determinado do tempo e do espazo...

A ESPAÑOLA, cunha camiseta coa bandeira española, deixa no centro do proscenio, unha mesa cun prato e tres culleres e ocúltase detrás das xemelgas que se dirixen cara alí. Pouco a pouco ilumínase o proscenio. Nel aparecen LINA e LANA con camisetas nas que é moi visible a bandeira galega. As dúas manterán durante toda esta escena un comportamento mecánico, como de autómatas. De detrás delas e oculto ao público está a ESPAÑOLA. Sitúanse detrás da mesa co prato e as culleres. LINA colle unha, érguea e di:

LINA.- (*Marcando perfectamente a pronuncia*) Vou come-lo caldo.

LANA.- (*Collendo e alzando a outra culler e vocalizando con claridade*) Vou comer o caldo.

LINA.- (*Erguendo a súa culler*) Non,non, non: vou come-lo caldo.

LANA.- (*Alzando a súa culler*) Que va, non: vou comer o caldo.

En tanto LANA e LINA repiten estes diálogos con pequenas variacións e a voz progresivamente máis baixa, xorde de entre elas a ESPAÑOLA, coa súa camiseta-bandeira ben visible, e de vagar, cunha culler vai comendo o caldo. A voz das xemelgas será, contra o final, un rumor inaudible e a da ESPAÑOLA, por contraste, será forte e clara, mesmo atronadora.

ESPAÑOLA.- Ya no queda apenas caldo, me lo he comido casi todo yo.

Escuro de súpeto, de xeito que LANA e LINA poidan regresar ao seu banco e a ESPAÑOLA desaparecer rapidamente da escena levando consigo a mesa, o prato e as culleres. Tras isto o escenario recuperará aos poucos a súa iluminación.

LUCI.- Perfecto, considero que a alegoría foi abondo elocuente.

ARCANXO FIDEL.- Eh?

ARCANXO PIMENTEL.- Si?

LUCI.- Que creo que,para durar só uns segundos, as consecuencias do conflito normativo quedaron claras.

SAN PEDRO.- Con todo, as simplificacións son sempre enganosas.

FERA.- Si, pero o que acabamos de ver demostra que mentres uns e outros discuten por que lingua falar, esta fálase cada vez menos e iso é o realmente importante.

ARCANXO FIDEL.- O que non entendo é que culpa teñen estas rapazas... elas son máis vítimas ca outra cousa, non?

LUCI.- Son vítimas ou fanse vítimas?

LINA.- Si, si., todo eso está muy bien, pero a nosotras lo del gallego...

LANA.- No nos entra, no nos cuadra...

LINA.- (*Con cara de noxo*) Es tan... suena tan... resulta tan...

LANA.- A mi no me va con mi estilo.

LINA.- Y los que lo hablan son los nacionalistas, gente violenta, que no pega nada con nosotras.

LANA.- Violentísimos.

LINA.- O los intelectuales o los profesores de gallego o algunos modernos, en fin... gente rara.

LANA.- Bueno, y también la gente de las aldeas... gente rara, o sea, rara.
LINA.- En Vigo, por exemplo, vas por la calle y no se lo miras hablar a nadie, para nada.
LANA.- Y en La Coruña, que no es por nada, pero es una ciudad más fina que Vigo, menos aún. Hombre, siempre hay algún pailán que da la nota, pero en general no, o sea, no
LINA.- Eso de que La Coruña es más fina que Vigo habría que verlo, eh?
LANA.-Lo que oes. Y el Dépor mejor que el Celta, lo sabe todo el mundo.
LINA.- Tía, de que vas? Ala Celta!
LANA.- Forza Dépor! *(Canta)* Deportivo, vamos a ganar este partido...
LINA.- Celtiña! Celtiña! Celtiña!
SAN PEDRO.- Orde! Orde! Non estou disposto a tolerar máis altercados.
LINA.- Perdón.
LANA.- Uy, si, perdón, o sea, perdón.
SAN PEDRO.- Que non se volva a repetir. Rapaces, non tendes nada que dicir?
ARCANXO FIDEL.- *(Despois dun tempo de concentración na rebusca de argumentos)* Quizais o xurado debería tomar nota de que as acusadas son seguidoras de equipos galegos, non, como podería ser o caso, de equipos foráneos como...
LANA.- *(Interrompendo)* Oyes, que yo soy del Madrid.
LINA.- Y yo del Barça.
ARCANXO PIMENTEL.- *(A FIDEL)* Se estiveses calado!
LANA.- *(Canta)* Ala Madrí, ala Madrí, ala Madrí...
LINA.- *(Canta, facendo calar a LANA)* Tot el camp/ es un clam / som la gent Blau Grana / Tan se val d'on venim / ara estem d'acord...
FERA.- *(Con retranca)* Galego nin un chío, pero tibetano e catalán, sen problemas! País!
LANA.- Ala Madrí, ala Madrí...
SAN PEDRO.- *(Petando na peaña)* Silencio! Orde! Que as leven da sala! Están expulsadas!

Entran os ANXOS 1, 2 e 3 e levan da sala a LINA e LANA que seguen cos seus himnos.

SANTA IRENE.- (Cando por fin deixan de oírse os cánticos das xemelgas). Que alivio! Imos polo seguinte e xa último. (Mirando na lista) A ver. Aquí. Este tribunal chama como imputado a (Le) Santiago Xosé Paxo Loureiro.

Anxos 2 e 3 acompañan a PEPE ata a cadeira dos acusados.

PEPE.- *(Moi atento e cordial, nada máis entrar na escena)* Boas tardes, boas tardes, boas tardes.

Os ANXOS indicánlle que se sente. PEPE fainon por un brevísimo instante, pero axiña volve erguerse e vai darlle a man aos membros do xurado, quizais ata se atreva a facer algún comentario eloxioso sobre o peiteado ou a roupa dalgún membro feminino ou sobre a elegancia dalgún membro masculino, vese que é un home de mundo, desenvolto e afable.

PEPE.- Encantado, encantado. Eu son Santiago Xosé, pero en fin, todo o mundo me chama Pepe.

SANTA IRENE.- Quere facer o favor de sentar na súa cadeira.

PEPE.- Por suposto, por suposto. *(Corre a sentar)* Desculpen.

ANXO 2.- Diga o seu nome completo, por favor.

PEPE.- Santiago Xosé Pazo Loureiro, Pepe para todo o mundo.

ANXO 3.- Xura dicir a verdade, toda a verdade e nada máis ca a verdade?

PEPE.- Por suposto

ANXO 3.- *(Para si)* Sabíao. *(A PEPE)* Diga “Si, xuro”.

PEPE.- Si, xuro.

Os ANXOS retíranse.

SANTA IRENE.- Os cargos contra vostede son os xa abondo reiterados nesta sala na sesión de hoxe: acúsaselle de comportarse de forma desleal coa fala do seu país.

PEPE.- *(Sinalándose)* A min?

SANTA IRENE.- Si.

PEPE.- Non pode ser.

FERA.- Por que está tan seguro de que a vostede non o poden acusar de deslealdade coal lingua?

PEPE.- *(Agresivo)* Vamos a ver, guapita de cara, yo soy más gallego que nadie, eh? Coidadiño, a ver se imos confundir as cousas agora.

SANTA IRENE.- Señor Pazo, lémbrolle que a cordialidade e a boa educación son imprescindibles nesta sala.

PEPE.- Naturalmente, tereino en conta.

ARCANXO FIDEL.- Naceu vostede fóra de Galicia, Pepe?

PEPE.- Non, acabo de dicilo.

ARCANXO FIDEL.- Queda claro pois que o meu defendido no só non renega das súas orixes senón que as reivindica con orgullo.

PEPE.- Más gallego que nadie, coidadiño, eh?

LUCI.- A súa lingua habitual é o galego, entón?

PEPE.- Uuui, ya estamos. Mira nena que por aí imos mal, eh? A min os radicalismos...

LUCI.- Que radicalismos?

PEPE.- Esa moda de agora de falar todo en galego. A min iso non me vai, eh? O galego hai que mamalo, coma min. E agora fáloo segundo a ocasión, con prudencia. Se o momento o require.

ARCANXO FIDEL.- Tome nota o xurado da práctica lingüística coherente e respectuosa do meu defendido, galegofalante ademais desde a súa infancia...

PEPE.- *(Interrompendo a FIDEL)* Levo máis dunha hora aí metido escoitando parvadas e xa teño o xenio medio afumado. Que se falas galego, que se non o falas, que se o tiñas que falar, que se patatín, que se patatán. O que necesita este país son postos de traballo, cartos, entendido?, e o resto son caralladas.

ARCANXO PIMENTEL.- Resulta evidente...

PEPE.- *(Interrompendo de novo)* E eu teño unha empresa, son un creador de riqueza para esta terra, e na miña empresa cada quen fala o que lle peta. Eu ás veces falo galego e ás veces falo castelán, como debe ser.

ARCANXO PIMENTEL.- O que si resulta evidente...

PEPE.- *(Interrompendo)* Ademais a min isto do galego paréceme unha imposición. Hai que darlle liberdade á xente para que fale o que queira.

ARCANXO PIMENTEL.- Desde logo é evidente...

PEPE.- *(Interrompendo)* Porque eu son parvo ou non entendo nada. A ver, non estamos na Unión Europea?, non se fala do mercado único, de modea única? Entón, por que todo vai ser único e pola contra as linguas moitas. Non ten xeito. Non ten nin pés ni cabeza.

Hai un intre de silencio, unha pausa tras a cal todos miran a PIMENTEL agardando que diga o que levaba tempo intentando dicir. SAN PEDRO aléntao a falar con acenos.

ARCANXO PIMENTEL.- É... é evidente *(Erguendo os ombros)*. Agora xa non me lembro o que ía dicir.

FERA.- Non se lembra porque a enxurrada de tópicos esgrimida polo señor Pazo serve unicamente para xustificar unha práctica lingüística censurable.

LUCI.- Para dicilo en poucas palabras, moito conto pero á hora da verdade seguimos considerando o galego como un idioma de segunda fila.

ARCANXO FIDEL.- Todos escoitamos que o noso defendido empregaba a lingua galega en paridade co castelán, segundo a situación o recomendase.

PEPE.- Eu son perfectamente bilingüe, non se di así?

FERA.- Ese bilingüismo é sospeitoso. Se todo estamos de acordo poderíamos remitirnos aos feitos, ben seguro que resultarán clarificadores.

SAN PEDRO.- Boa idea.

SANTA IRENE.- Por nós, sen problema.

ARCANXO FIDEL.- *(Reticente)* Non sei, sempre que acudimos aos feitos saímos escaldados.

ARCANXO PIMENTEL.- E tanto que si, máis que escaldados.

PEPE.- Eu non teño nada que ocultar.

SANTA IRENE.- Imos aló entón.

SAN PEDRO.- Aos feitos me remito!

Escuro de novo e transición. A iluminación do procenio revélanos unha mesa de despacho coa súa cadeira. Derriba da mesa campan sen moita orde papesl, carpetas, portapapis e outros útiles de escritorio. Destacan tres teléfonos de cores distintas rechamantes. É a oficina de PEPE.

Nesta escena haberá conversacións telefónicas nas que o perxonaxe ao que se dirixe PEPE será iluminado facendo ver que non está aí mesmo.

PEPE.- *(Desde a entrada ao seu despacho, falándolle á súa secretaria que permanece oculta aos ollos do espectador)* Sólo me va a llevar un momentíño Montse, una llamadita a casa para hablar con mi mujer y nos vamos a cenar, mi vida.

SECRETARIA.- Siempre me hace usted igual, Don Pepe. Que hombre más ocupado! Le espero adelantando algo de trabajito para mañana.

PEPE.- *(Pasa e pecha. Avanza pola oficina ata a súa mesa, feliz, fregando nas mans)* Esta noite cae, pero fíxo, fíxo. *(Descolga un teléfono e vai marcando un número)* Moi boa secretaria non é, pero ten unhas... ha, ha, ha

FILLA.- Dígame? Quién es?

PEPE.- Soy papá, cariño. Mira, le puedes decir a ...

FILLA.- Holaaaa, papá. Hoy la profe me puso un diez porque me supe todos los verbos.

PEPE.- Me alegro mucho, cariño, pero...

FILLA.- Me dijo que me estaba portando muy bien y además...

PEPE.- Si, me alegro mucho, cariño, pero le puedes decir a mamá que se ponga? tengo un poco de prisa.

FILLA.- Ahora la llamo, papá. Te quiero mucho.

PEPE.- Muy bien, bonita, yo también.

FILLA.- Ya llamo a mami.

PEPE.- Sí, espero.

Pausa

CARMUCHA.- Dígame.

PEPE.- Carmucha, son eu, oíches, Carmucha, mira, que non vou poder ir cedo hoxe, que teño unha cea de traballo.

CARMUCHA.- E logo con quen? Non me dixeras nada! Que precipitado, non é?

PEPE.- *(Nun apuro)* Como que con quen...? *(Disimulando)* Con quen vai ser?

CARMUCHA.- Estás xogando ás adiviñas comigo?

PEPE.- Que non, non xogo ás adiviñas, muller.

CARMUCHA.- Supoño que irás outra vez cos construtores, ou non?

PEPE.- *(Aliviado)* Exacto!, si, cos construtores.

CARMUCHA.- Non bebas moito, e non veñas moi tarde, cariño.

PEPE.- Xa, sabes que con eses sábese cando se empeza pero nunca cando se acaba, son un pouco pesados, pero...

CARMUCHA.- Coas ganiñas que tiña eu de que hoxe viñeses cedo para a casa para estares aquí con nós.

PEPE.- Xa, tamén eu prefería estar aí vendo a televisión contigo e mais con túa nai, parruliña, pero... Ala, veña, que me están esperando.

CARMUCHA.- Sentidiño, amor, sentidiño.

PEPE.- Si muller, non te preocupes *(Colga)* Hei de ir con coidadiño, hei...

Soa un teléfono

PEPE.- Diga... diga

DON ISIDRO.- Soy don Isidro, el profe...

PEPE.- Ah, buenas tardes, don Isidro (*Para si, tapando o auricular*) Merda, o profesor da nena, que se me pasou chamalo. (*Volve falar por teléfono*) Disculpe que no lo llamara antes, pero estuve enormemente ocupado.

DON ISIDRO.- Necesita hablar con usted con cierta urgencia. ¿Para cuándo podemos concertar una entrevista?

PEPE.- Ya, una entrevista, bueno, pero...

DON ISIDRO.- Comprendo que usted es un hombre muy ocupado, pero creo que la cuestión merece que mantengamos una charla. Todo por el bien de su hija, como usted comprenderá...

PEPE.- Mire usted, yo prefiero mejor hablarlo ahora, aunque sea por teléfono. Vamos a ver: hay algún problema con la niña?

DON ISIDRO.- Ciertamente. El equipo de profesores estamos notando ciertas actitudes en su hija que nos preocupan.

PEPE.- Entiendo, cuénteme, por favor.

DON ISIDRO.- Se está haciendo, ¿cómo lo podría decir yo?... Se está haciendo especialmente reivindicativa en aspectos que nos preocupan y creo que le deberían preocupar a usted.

PEPE.- Ah, si?

DON ISIDRO.- Por ejemplo, manifestó el otro día, con total descaro en su clase de gallego, que Galicia era un territorio “ocupado” y por eso era tan trágica la situación de la lengua gallega.

PEPE.- Dijo eso, en serio? Ocupado?, ocupado?, no sé de dónde pudo sacar ella eso de ocupado.

DON ISIDRO.- Espero que no le haya molestado que le haya expresado nuestra preocupación al respecto de este tema.

PEPE.- No, no me molesta, para eso la mandamos a un colegio privado, para que nos la sigan de cerca y nos tengan informados

DON ISIDRO.- Agradezco su colaboración en este sentido.

PEPE.- Claro.

DON ISIDRO.- Gracias entonces, nos mantendremos en contacto sobre este punto.

PEPE.- Gracias.. y mire, ahora que lo piendo, debe de ser cosa de la chica que le da clases particulares, que es así como muy progre, y la única que le puede meter esas ideas en la cabeza

DON ISIDRO.- Es una posibilidad. Le agradecería que tome cartas en el asunto porque tememos el contagio a otros alumnos y las quejas de otros padres.

PEPE.- No se preocupe, esto lo arreglo yo enseguida.

DON ISIDRO.- Se lo agradecemos.

PEPE.- Descuide, buenas tardes. (*Colga*) (*Rosmando*) Ocupado! Ocupado! E pagas clases particulares para iso... ocupado!

Diríxese cara á entrada do seu despacho e fala coa súa secretaria alzando a voz.

PEPE.- Montse? Mira, mi vida, enseguidiña nos vamos, pero tienes que esperar unos minutos más, que me surgió una complicación.

SECRETARIA.- Más complicaciones, don Pepe? No sé cuando vamos a poder sentarnos tranquilamente a cenar.

PEPE.- Es sólo un momentito, reina. Te juro que después estaremos tranquilos. Mira, hazme un favor, ponme con la chica que le da clases particulares a mi niña, anda, que tengo que hacer una gestión, después ya nos vamos, de verdad.

SECRETARIA.- Un momento que busco el número y le paso la llamada. (*Busca nunha axenda*) Se llamaba Carme, no?

PEPE.- Sí, creo que se llama Carme

SECRETARIA.- ¿Le gustó cómo le coloqué hoy la mesa? ¿A que está preciosa así ordenadita?

PEPE.- Preciosa, preciosa, lo reconozco. Bueno, me pones esa llamada, venga.

Regresa a súa mesa e alí revisa brevemente uns papeis ata que soa o teléfono de novo.

PEPE.- Diga.

CARME.- Diga.

PEPE.- Ah, si, quería falar con Carme.

CARME.- Son eu, quen é?

PEPE.- Ola, son o pai de Iria, que lle dás clases particulares, dáste conta? si?

CARME.- Claro que me dou conta. Boas tardes. Ofréceselle algo?

PEPE.- Pois que non fai falla que volvas, entendido?

CARME.- Estáme dicindo que estou despedida?

PEPE.- Home, tanto como despedida, digamos que prescindimos dos teus servizos.

CARME.- Pois isto sorpréndeme. Cal é o motivo deste “despido” se se pode saber?

PEPE.- Si, pódese saber: porque cremos que as ideas que lle metes na cabeza á nena no son correctas.

CARME.- Ideas? Creo que merezo unha explicación un pouco máis clara para todo isto. Eu...

PEPE.- Non vou entrar agora en detalles, ademais non teño porque che dar explicacións.

CARME.- Pois eu creo que teño dereito a algunha explicación, non sei que é iso das ideas. Iria traballa moi...

PEPE.- Non hai máis que falar. Ah! e sobre iso de que Galicia é un país ocupado hai opinións, eh?
(Colga, violento) Ocupado! Manda carallo!

Levántase e marcha do despacho

PEPE.- *(Para si)* Ocupado vou estar eu esta noite *(En alto)* Vamos, Montse, mi vida. Ya estoy listo.
Escuro e transición.

SAN PEDRO.- Non sei se estes feitos son en verdade representativos de algo.

ARCANXO PIMENTEL.- Eu creo que non.

LUCI.- Pois a min paréceme que deixan entrever moitas cousas.

ARCANXO FIDEL.- Ah, si? Eu salientaría o uso equilibrado das dúas linguas por parte do meu defendido, e o seu emprego sen prexuízos.

FERA.- Aparentemente equilibrado. Non fai falla ser moi listos: o castelán co profesor, pero galego coa profesora da pasantía; castelán coa secretaria a quen prefíre para ir cear, e galego coa muller, a quen deixa na casa pola outra.

PEPE.- Iso non é o que parece...

FERA.- Millor deixalo estar, que isto non toca neste xuízo, pero xa nos veremos, xa, xa...

ARCANXO FIDEL.- Este comportamentos, e refírome aos lingüísticos, moitas veces responden á inercia, non son intencionados...

PEPE.- Iso.

LUCI.- Inercia? Falamos de seres humanos, non de bestas. Teñen a liberdade de optar por unha cousa ou outra

SANTA IRENE.- Libre albedrío, chámase.

LUCI.- Deben optar segundo o consideren moralmente máis atinado, e ese dereito leva consigo unha responsabilidade que deben afrontar.

ARCANXO PIMENTEL.- *(Para si)*. Como fala esta dema!

FERA.- E iso, precisamente, xulgamos aquí.

SANTA IRENE.- Efectivamente, iso xulgamos

FERA.- Creo que xa non se pode dicir máis.

ARCANXO PIMENTEL.- Pois eu estou de acordo, non se debe dicir máis. A ver se acabamos dunha vez, que vai unha fame...

SANTA IRENE.- Eu coincido tamén. O acusado pode retirarse.

PEPE.- Ala, xa me despachan?

SAN PEDRO.- *(Cortante)* Pode retirarse.

ANXO 2 e ANXO 3 acompañan a PEPE ata fóra.

SANTA IRENE.- Penso que, se a acusación e a defensa teñen a ben, poderíamos prescindir das alegacións finais, xa que o tema quedou sobradamente exposto.

SAN PEDRO.- Declaro o xuízo visto para sentenza *(Peta co mazo derriba da peaña)*

SANTA IRENE.- Señores do xurado, teñan prontas as súas cartolinas que axiña imos proceder á votación...

De súpeto entra ANXO 1 correndo, axitada, nerviosa e cun papel na man.

SAN PEDRO.- Qué é isto?, como ousas interromper...?

SANTA IRENE.- Que está sucedendo? Isto é unha desfachatez!

ANXO 1.- *(Interrompendo e dándolle o papel a SAN PEDRO e SANTA IRENE).* É moi urxente, señores.

SANTA IRENE.- Non pode ser, non pode ser!

SAN PEDRO.- Non!

ARCANXO FIDEL.- *(Alarmado)* Que pasa?

ANXO 1 acércalle a nota a FIDEL e PIMENTEL.

ANXO 1.- Mirade

ARCANXO FIDEL e ARCANXO PIMENTEL.- *(Len e móstranse abatidos)* Fixémola boa... fixémola boa, ho.

SAN PEDRO.- A algún anxos vai haber que cortarlle as... ás.

LUCI e FERA.- *(Intrigadas)* Que pasa? Que pasa?

ANXO 1.- Que todo foi un erro.

Entran ANXO 2 e ANXO 3 moi preocupados, e atenden ao que sucede.

LUCI.- Un erro?

FERA.- De que falas?

ANXO 1.- Que non morreron!

LUCI.- Quen?

FERA.- Que non morreron quen?

ANXO 1.- *(Sinalando ao público)* Estes, que non morreron.

SANTA IRENE.- Que están vivos coma lagartos, que están coma rosas, que non tiñan que estar aquí.

LUCI.- *(Leva as mans á boca)* Os... curidade!

SANTA IRENE.- Aíndo non lles tocaba.

FERA.- *(Espantada)* Vivos, non morreron aínda.

ANXO 2.- Entón... toda esta xente

ANXO 3.- Toda esta xenta veu a...

SANTA IRENE.- *(Categórica)* Toda esta xente ... veu ver unha obra de teatro.

LUCI.- Son espectadores, non almas.

ARCANXO FIDEL e ARCANXO PIMENTEL.- Pois non poden estar aquí.

LUCI.- Nin un segundo máis.

SAN PEDRO.- Haberá que devolvelos.

SANTA IRENE.- Non queda máis remedio.

FERA.- Nunca tal pasou.

SANTA IRENE.- Pois a ver se lles serve de lección...

LUCI.- Non entendo.

SAN PEDRO.- Agora que xa saben o que pode pasar, que reflexionen sobre a súa conduta lingüística no futuro.

FERA.- Iso non vale, é xogar con vantaxe.

ARCANXO FIDEL e ARCANXO PIMENTEL.- Boa idea, xefe.

ANXO 1.- Teñen tempo a rectificar antes de que sexa definitivamente tarde.

ANXO 2.- É coma outra oportunidade.

ANXO 3.- A ver se aprenden logo a lección...

ANXO 1.- O problema será cando o xefe *(Sinala o triángulo)* se decate desta desfeita.

ANXO 2 e ANXO 3.- Ays, que medo!

SANTA IRENE.- Non sei si todo isto serviu de algo, pero sen dúbida as manifestacións que aquí se fixeron foron realmente clarificadoras e todas estas persoas teñen a oportunidade de reflexionar.

(Con algo de medo) Non creo que o xefe *(sinala o triángulo)* se vaia enfadar moito, moitísimo, non?

De súpeto, soa o teléfono vermello. Os ARCANXOS caen de xeonllos, o escenario inundase dunha extraordinaria e divina luz azul, o coro de anxos canta con voz celestial e a atmosfera enrarácese de santidad. SAN PEDRO contesta reverente.

SAN PEDRO.- Diga? *(Tapando o auricular, sobresaltado)* Santo ceo! É El, e está enfadado, que fago?, que fago?, que lle digo?

SANTA IRENE.- *(Collendo o teléfono das mans de SAN PEDRO, e cun medio sorriso de pillabana)* Diga? Diga?... Síntoo, equivocouse, perdoe pero isto é unha lavandaría industrial.

Escuro mentres se escoita un forte e prolongado trono.

FIN